



PLAN DIXITAL

[IES Félix Murriel]

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

- Nome do centro: IES Félix Muriel
- Dirección: Rúa María Ana Mogas, 1 C.P.:15920 Rianxo
- Correo: ies.felix.muriel@edu.xunta.gal
- Páxina web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/iesfelixmuriel/>
- Etapas educativas: ESO, Bacharelato e Ciclo Medio TAPSD
- Alumnado: 523
- Profesorado: 60
- Persoal non docente: 8

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- Característica socioeconómicas e culturais do contexto do centro:

O IES Félix Muriel atópase localizado no lugar de Rianxiño, no termo municipal de Rianxo. Vila esta, situada ao sur da Provincia da Coruña, sobre a marxe dereita do Río Ulla e da Ría de Arousa, na desembocadura do río na ría. A menos de 50 km. de Santiago de Compostela. Linda ao norte cos Concellos de Lousame e Rois, ao oeste con Boiro, ao leste con Dodro e ao sur coa Ría de Arousa. Abarca un territorio duns 58,99 km² habitada por unha poboación duns 12.000 habitantes. Trátase dunha poboación cunha alta densidade, próxima aos 207 habitantes/km², que habita unha paisaxe urbana principal con asentamentos que se prolongan a carón das principais vías de comunicación locais así como en espazos rurais distribuídos ao redor das parroquias de Rianxo, Taragoña, Asados, Araño, Leiro e Isorna.

A súa paisaxe natural costeira, configurada por montes, chairas e vales, favorecen as actividades propias do sector primario (agricultura, explotación forestal, gandería), e sobre todo a pesca, onde destacan marisqueo (berberecho e ameixa), cultivo de mexillón, e pesca de baixura (sobre todo sardiña e xouba). A maior presenza industrial é a conserveira. Nos últimos anos produciuse un notable incremento turístico que influíu notable e positivamente na economía, chegando nos meses estivais case a duplicarse a poboación. Gran oferta de festas variadas, actos culturais e ofertas deportivas.

Os centros adscritos son tres: CEIP ADR Castelao, CEIP Brea Segade en Taragoña e CEIP Ana María Diéguez en Asados. Conta tamén cun CRA en Asados que abrangue todas as escolas unitarias do concello. Por outro lado o Concello é quen se ocupa dos Programas de Educación de Adultos e de Formación Laboral con cursos de formación ocupacional.

- Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo. Relación con outros Plans e proxectos do centro. Traxectoria no ámbito das novas tecnoloxías, programas de innovación nos que participa:

O IES Félix Muriel orienta a súa actividade docente a potenciar e desenvolver as competencias do seu alumnado co obxectivo de estar nas mellores condicións á hora de se incorporar á vida adulta e se integrar nunha sociedade en constante evolución, con novas esixencias e retos aos que deberá dar unha resposta. Pretende, sobre todo, ofrecer unha educación integral e emocional que axude a fortalecer a autoestima do alumnado, a adopción de actitudes asertivas, a construción dunha mentalidade creativa e positiva que poida ser útil ao alumnado para todos os eidos da vida.

Na procura dunha transformación do IES Félix Muriel nun centro dixitalmente competente, o Plan Dixital actuará como facilitador do desenvolvemento dos proxectos do centro a través das seguintes contribucións:

- Formación do profesorado e implementación do desenvolvemento das actividades de ensinanza aprendizaxe a través do programa E-Dixgal, ao que se engade o equipamento técnico de redes e equipos nas aulas de 1º e 3º de ESO, ampliadas a 2º e 4º no curso 2023-2024.
- Colaboración en programas internacionais ou programas europeos favorecendo a comunicación e divulgación dos proxectos programados a través do Plan Erasmus+.
- Por en disposición equipamento dixital para o desenvolvemento dos proxectos educativos, e de innovación vencellados aos Plans Proxecta existentes, como Monte Vivo, ou aqueles outros proxectos que puideran xurdir para no curso 2022-2023 como a creación da aula de Polos Creativos.
- Traslado das estratexias TIL ao espazo dixital e ao proceso de dixitalización do centro.
- Equipamento, organización e catalogación e dinamización de actividades educativas da Biblioteca e a rede de Bibliotecas Escolares.
- A incorporación de novas ferramentas TIC, estreitará a relación do Plan Dixital co EDLG.
- Como recolle o **Artigo 121. Proxecto educativo** da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, o PEC incluírá un tratamento transversal da educación en valores, do desenvolvemento sostible, da igualdade entre mulleres e homes, da igualdade de trato e non discriminación e da prevención da violencia contra as nenas e as mulleres, do acoso e do ciberacoso escolar, así como a cultura de paz e os dereitos humanos. Deste modo o Plan Dixital contribuirá directamente no fortalecemento das accións programadas dende o Plan de Igualdade.
- A contribución do Plan Dixital nos Plans de Formación PFPP observarase mediante dúas vertentes: a da propia formación, como pode ser a preparación do profesorado no medio E-Dixgal; e a de dar dispoñibilidade de equipamento para o desenvolvemento dos diferentes cursos aprobados polo PFPP para o presente curso

- Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23

A contribución do Plan Dixital á Programación Xeral Anual do curso 2022/2023 virá dada por tres vías de actuación:

- As accións de mellora e obxectivos presentadas no actual documento que constitúe este plan.
- A estreita relación, cando non acción conxunta cos Plans e Proxectos, prestando especial atención e contribuíndo ao seu carácter innovador.
- A contribución que, de maneira transversal, se fai sobre aspectos relativos ao equipamento do centro e á convivencia escolar.

Sinalar que o Plan TIC será substituído por este Plan Dixital, que preverá incorporar aqueles obxectivos que aínda non foran acadados e outros novos.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A elaboración deste Plan Dixital de Centro dá respostas á seguinte normativa:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

A través destes sinálanse que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán:

- O uso das TIC na aula como medio didáctico e de aprendizaxe.
- A confianza e seguridade no uso das tecnoloxías dende perspectivas de igualdade.
- Evitar as fendas dixitais e garantir o exercicio do dereito á educación de nenas e nenos en igualdade de condicións.
- O desenvolvemento dunha metodoloxía propia dunha aprendizaxe competencial activa.
- As accións educativas dirixidas á experimentación e a innovación pedagóxica.
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022.
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022.
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022
- Dende o marco común Europeo establécese a necesidade de fomentar o desenvolvemento dun ecosistema educativo dixital de alto rendemento e de "mellorar as habilidades e capacidades dixitais para a transformación dixital".

- A LOMLOE, Ley Orgánica 3/2022, de 31 de marzo, de ordenación e integración de la Formación Profesional. Enseñanza 01/04/2022 BOE, pola súa parte recolle:
 - O Plan Dixital de Centro (PDC) debe recoller a súa estratexia dixital, incluíndo as medidas que garantan o desenvolvemento desta competencia por parte de alumnado e os docentes.

1.4. Proceso de elaboración

O presente Plan Dixital foi elaborado no marco dun PFPP aprobado a tal efecto segundo as seguintes pautas:

- Concreción de calendario de sesións para a elaboración do PD.
- Análise da situación actual do centro a partir das ferramentas SELFIE e do test de Competencia Dixital Docente (CDD).
- Elaboración dun DAFO no que organizamos a información obtida.
- Debate, selección e redacción dos obxectivos e do plan de acción para acadalos.
- Presentación do plan de acción e dos obxectivos á comunidade educativa
- Aprobación do PD polo equipo de traballo.
- Presentación e aprobación pola comunidade educativa (claustro e Consello escolar)

A análise da situación do centro atendeu ás dimensións establecidas polo Marco Europeo de Organizacións Dixitalmente Competentes (DigCompOrg). O marco europeo propón unha análise do centro baseado en 7 elementos: infraestrutura, prácticas de liderado e gobernanza, prácticas de ensinanza e aprendizaxe, desenvolvemento profesional, avaliación, contidos e currículos, así como colaboración e traballo na rede. Apoiámonos na ferramenta de autoavaliación SELFIE, dispoñible para todos os centros educativos, que proporciona un informe de situación actual. Os documentos de informe SELFIE e do test CDD, actuaron como documentos de referencia para xerar unha análise DAFO que favoreceu a reflexión sobre a situación do centro no contexto da dixitalización, e a elaboración final do Plan Dixital de Centro en termos fixación de obxectivos e actuacións de mellora.

Para o deseño deste plan organizouse un PFPP de 20 horas (insuficientes para o traballo desenvolvido) sendo os seus integrantes:

- Darío M. Doval Blanco (coordinador)
- Manuel Freire Hernando
- Margarita González Mariño
- Amancio M. Pampín Suárez
- Ramón M. Veiga Fernández

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O IES Félix Muriel está constituído por dous edificios:

Edificio principal, onde se encontra administración, conserxería, equipo directivo, 2ºESO, 4º ESO, bacharelato, Biblioteca, aula de EDLG, salón de actos, aulas de Ciclos, dúas aulas de informática, laboratorios, aula de Plástica, aula de música, sala de profesorado e cafetería ademais de aulas de usos múltiples e departamentos.

Edificio anexo, onde están as aulas de 1º e 3º ESO, dous talleres de Tecnoloxía, aula de Plástica, aula de informática, sala de profesorado, conserxería, aula de música, ademais de aulas de usos múltiples.

- Descrición xeral acerca da infraestrutura dixital do centro: Todos os espazos teñen conexión por cable de rede. No edificio Anexo, rede Abalar, rede Edu.Xunta.gal, rede ED_15026807. No edificio principal, rede ED_15026807. As aulas, en xeral teñen o cableado sen recoller en regretas dende o conector ata os equipos.
- Equipamento dispoñible:

EQUIPAMENTO ACTUAL		
NÚMERO E DESCRICIÓN		USOS
Aulas dixitalizadas	EDIFICIO PRINCIPAL: 14 AULAS PDI e PORTÁTIL INTEL I5 4-8 GB 320 HDD EDIFICIO ANEXO: 9 AULAS PDI e PORTÁTIL INTEL I5 4-8 GB 320 HDD	AULA DE CLASE USO COTIÁ
Equipos de xestión e administración	9 EQUIPOS: 2 INTEL I7 16 GB 240GB SSD 3 INTEL I5 16 GB 240GB SSD 1 INTEL I3 8 GB 320 GB HDD 1 INTEL CORE 8 GB 240 HDD 1 PORTÁTIL RIZEN 7 320 GB SSD 1 PORTÁTIL RIZEN 7 320 GB SSD	EQUIPO DIRECTIVO, OFICINAS ADMINISTRACIÓN, PLAN DIXITAL, XESTIÓN BIBLIOTECA, AULA DE EMPRENDEMENTO.
Equipos para uso nas salas de profesorado e departamentos	19 EQUIPOS DIVERSOS SOBREMESA E PORTÁTILES CON NECESIDADE DE RENOVACIÓN POR OBSOLESCENCIA CARA ÁS APLICACIÓNS ACTUAIS.	USO DIVERSO: FALTAS, ABALAR, DOCENCIA, ENVÍO DE COPIAS, CORREO ELECTRÓNICO, XADE, PROXECCIÓNS AULAS ESPECÍFICAS.
Equipos ultraportátiles para aula móbil	22 EQUIPOS: ACER TRAVELMATE B, 8GB 128 SSD	USO AULA INFORMÁTICA 3

EQUIPAMENTO ACTUAL		
<p>Aulas de informática e descrición dos equipos que hai nelas (marca, procesador e RAM, antigüidade)</p>	<p>AULA 1: 22 EQUIPOS 16 INTEL I5 8GB 320 GB 5 INTEL I3 8GB 320 GB <i>5 ANOS ANT.</i></p> <p>AULA 2: 27 EQUIPOS 23 HP COMPAC 8200 INTEL I3 8 GB 240 GB HDD <i>7 ANOS ANT.</i> 4 ACER TRAVELMATE B, 8GB 128 SSD <i>1 ANOS ANT.</i></p> <p>AULA 3: 23 EQUIPOS 1 HP COMPAC 8200 INTEL I3 8 GB 240 GB HDD <i>7 ANOS ANT.</i> 22 ACER TRAVELMATE B, 8GB 128 SSD <i>1 ANOS ANT.</i></p>	<p>AULA DE INFORMÁTICA DE USO XERAL POLO PROFESORADO DE CALQUERA MATERIA QUE A PRECISE</p>
<p>Dotación para proxectos específicos</p>	<p>EDLG: 5 EQUIPOS 4 PORTÁTILES INTEL I5 8GB 256 SSD 1 SOBREMESA INTEL CORE I7 16GB 320 GB HDD</p> <p>BIBLIOTECA: 5 EQUIPOS 1 INTEL CORE I5 8GB 320 HDD 4 EQUIPOS INTEL CORE 4GB 240 HDD</p> <p>AULAS CICLO MEDIO FP: 22 EQUIPOS INTEL I5 8 GB320 GB</p> <p>EQUIPOS ABALAR CON CARRO DE CARGA: 9 AULAS EQUIPADAS</p>	<p>USO POLO ALUMNADO COLABORADOR NO EDLG</p> <p>XESTIÓN BIBLIOTECA E USO XERAL POR PARTE DO ALUMNADO.</p> <p>USO PROFESORADO E ALUMNADO.</p>

- Servizos dixitais educativos: correo corporativo, xade, páxina web do centro, aula virtual, webex, Ageiro, E-Dixgal (implantación para o curso 22/23), espazoAbalar (con todas as súas funcionalidades e aplicacións), correo do centro (creado durante o confinamento para matricular ao alumnado na AV e que puideran acceder ás notificacións).
- Xestión do mantemento do equipamento do centro: persoal do propio centro.
- Enlaces a protocolos do centro relacionados coas TIC: pendentes da existencia dun equipo TIC, con tempo para exercer as súas funcións, que proceda ao seu deseño, elaboración e difusión.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.		2,8	2,8	2,9	
	Profesorado		2,5	2,3	3,2	
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.		2,8	2,7	2,9	
	Profesorado		2,2	2,1	2,9	
	Alumnado		2,6	2,4	2,8	
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.		2,9	3	3,3	
	Profesorado		2,5	2,3	3,6	
	Alumnado		2,9	2,8	3,1	
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.		3,7	3,6	3,8	
	Profesorado		2,7	2,7	4	
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.		3,8	3,7	3,7	
	Profesorado		3,6	3,3	4,1	
	Alumnado		3,6	3,7	4,4	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.		3,2	3,1	3,3	
	Profesorado		2,9	2,6	3,6	
	Alumnado		3,1	2,7	3,8	
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.		2,7	2,9	3	
	Profesorado		2,6	2,1	2,5	
	Alumnado		2,6	2,3	3,2	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.		2,9	3,3	3,1	
	Profesorado		2,7	2,4	3,2	
	Alumnado		3	3	3,1	

Test CDD:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>26</u>	<u>41</u>	<u>63,4%</u>
PROVISIONAL	<u>0</u>	<u>2</u>	<u>0%</u>
INTERINO	<u>5</u>	<u>9</u>	<u>55,6%</u>
SUBSTITUTO	<u>1</u>	<u>4</u>	<u>25%</u>
OUTROS	<u>1</u>	<u>1</u>	<u>100%</u>

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<u>69,8</u>	<u>Integrador B1</u>	<u>76,4</u>	<u>Integrador B1</u>

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	<u>68,2</u>	<u>Integrador B1</u>	<u>79,2</u>	<u>Integrador B1</u>
BAC	<u>56,5</u>	<u>Explorador A2</u>	<u>77,9</u>	<u>Integrador B1</u>
FP	<u>70,5</u>	<u>Integrador B1</u>	<u>80,3</u>	<u>Integrador B1</u>

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	<u>0</u>	<u>0%</u>
A2	<u>15</u>	<u>45,5%</u>
B1	<u>13</u>	<u>39,4%</u>
B2	<u>3</u>	<u>9,1%</u>
C1	<u>2</u>	<u>6,1%</u>
C2	<u>0</u>	<u>0%</u>
TOTAL	<u>33</u>	<u>100,00%</u>

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ul style="list-style-type: none"> - O centro conta con acceso a internet 600mb - Aulas dotadas de equipamento dixital (PC e Proxector) - Todas as aulas teñen acceso a internet - Grupos de Ciclo (FP) con dotación dixital propia 	<ul style="list-style-type: none"> - Infraestrutura insuficiente nas aulas - Escaso uso de dispositivos dixitais para o ensino - O alumnado non ten acceso a rede WIFI - 3 Aulas específicas con dotación informática insuficiente para ratio de 27 alumnos/aula - Equipos obsoletos, cableado de aula deficiente e con problemas de seguridade
	PERSONAL DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> - Profesorado iniciado na metodoloxía de ensino mixto - Participación do profesorado nos plans de Formación TIC - Coñecemento e emprego de software libre - CDD media do profesorado: Integrador (B1) - Ferramentas para a comunicación a través dos recursos dixitais: Abalar, Aula Virtual Moodle, correo corporativo do centro (profesorado e alumnado) - Alta participación en proxectos interdisciplinares (Erasmus+, Rede DixitalGal, ENDL, TIL, Montevivo; Biblioteca) - Emprego de estratexias de autoavaliación no uso das TIC.s e da súa integración nos procesos de ensino-aprendizaxe 	<ul style="list-style-type: none"> - Falta de tempo para a formación e creación de contidos dixitais - Falta de espazos para o debate sobre o uso das TIC.s - Escaso emprego de tecnoloxía para o desenvolvemento do proceso de avaliación - Escasa creación de contidos dixitais propios - Non existen espazos nin repositorios de contidos creados polo profesorado - Resultados CDD por debaixo da media galega - Pouco profesorado líder ou experto dixital (B2 -C2) - Baixo emprego dos recursos para a comunicación por vía dixital - Escasa promoción de ferramentas dixitais para a creación de contidos por parte do alumnado - Baixo tempo adicado ao ensino dixital ou a través de medios dixitais - Carece dunha ferramenta, libro dixital do profesor onde desenvolver as súas tarefas sen atentar contra a Lei de Protección de Datos - Baixo nivel de autoconfianza no emprego das contornas dixitais no desenvolvemento do proceso de ensinanza e aprendizaxe
	PERSONAL NON DOCENTE	<ul style="list-style-type: none"> - Presenza de intérprete de signos no centro para atención do alumnado con necesidades específicas de tipo auditivo - Participación en proxectos interdisciplinares, Equipo de Mediación e Equipo de Igualdade - Desenvolvemento de estratexias de ensino mixto a través de aula propia e espazo aberto na Aula Virtual 	
	ALUMNADO	<ul style="list-style-type: none"> - Conta con dispositivos dixitais propios para o traballo na casa - Alta participación en proxectos interdisciplinares (Erasmus+, Rede DixitalGal, GDNL, TIL, Montevivo; Biblioteca) - Conta con correo corporativo do centro propio e individualizado - Alta percepción das súas propias competencias dixitais - Coñece as posibilidades de emprego dos dispositivos móbiles para o proceso de ensinanza e aprendizaxe e a comunicación entre pares e co profesorado - Pode facer uso dos dispositivos móbiles con carácter educativo baixo autorización do profesorado - Considera ter autonomía na resolución de problemas a través da información de internet 	<ul style="list-style-type: none"> - O alumnado demanda maior retroalimentación no desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe - Demanda maior acceso por vías dixitais aos resultados da avaliación do proceso de ensino aprendizaxe - Escaso emprego de ferramentas dixitais para a creación de contidos - Baixo aproveitamento das tecnoloxías dixitais (redes sociais) como ferramentas de aprendizaxe - Non acostuma a pedir axuda - Competencias dixitais baixas segundo o profesorado - Non pode traer ou usar os dispositivos móbiles no centro - Baixo emprego e coñecemento de ferramentas de software libre - Os dispositivos dixitais tenden a ser elementos de distracción nos procesos de aprendizaxe
	FAMILIAS	<ul style="list-style-type: none"> - En casa hai dispositivos dixitais para o traballo escolar - Hai internet en casa - Escasos problemas de conectividade no fogar - Partidarias da actualización da dixitalización do centro así como dos procesos de ensino-aprendizaxe - Emprego de Abalar Móbil para as comunicacións co centro 	<ul style="list-style-type: none"> - En ocasións os dispositivos dixitais son compartidos por varios integrantes da familia - Baixa competencia dixital - Descoñece ou non emprega correctamente as funcionalidades da ferramenta de Abalar móbil para a comunicación co profesorado
	OFERTA	<ul style="list-style-type: none"> - Ciclo Formativo de Grao Medio en Atención a Persoas en Situación de Dependencia - Bacharelato Científico Matemático e Bacharelato de Humanidades - Centro Erasmus+ - Transporte escolar 	<ul style="list-style-type: none"> - Carece de servizo de comedor

	<p>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Emprego da Aula virtual como medio para o desenvolvemento do Ensino Mixto - Integración na Rede DixitalGal - Está en proceso de creación e aprobación dun novo Plan Dixital - Fomenta a participación e formación do profesorado en contextos dixitais a través dos plans de formación do centro - Promove novas modalidades de Ensino (solicitude de participación no programa E-Dixgal, Proxectos Interdisciplinares e Rede DixitalGal) - Participación de empresas e entidades externas non educativas nos procesos de ensino aprendizaxe - Facilita equipamento dixital ao alumnado con necesidades - Profesorado e alumnado contan con conta corporativa propia do centro - Emprego da web https://www.edu.xunta.gal/centros/iesfelixmuriel/ do centro como espazo preferente para a comunicación dixital do centro - Fomenta o emprego de redes sociais como canles de comunicación e información a través dos proxectos de centro Erasmus+, Biblioteca e EDLG 	<ul style="list-style-type: none"> - Non conta cunha estratexia de Plan Dixital definida - Falta de espazos de debate - Falta de tempo para a exploración no ensino dixital - Non permite o uso de dispositivos móbiles no centro - Non permite ao alumnado o uso de dispositivos dixitais propios no centro - Ten adquirido material dixital con recursos económicos propios - Presenta déficit na asistencia técnica que permita resolver os problemas co equipamento e uso de dispositivos dixitais - Escasa colaboración para compartir contidos en espazos dixitais comúns - Web do centro pouco actualizada. O alumnado demanda unha información máis clara a través da mesma - Non ten contas propias de centro para o desenvolvemento das comunicacións a través das redes sociais - Ausencia de persoa que se encargue da coordinación TIC
--	--------------------------------------	---	--

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<ul style="list-style-type: none"> - Acceder á solicitude do centro na participación do programa E-Dixgal - Oferta de formación a través dos plans de formación para o profesorado e fomento dos plans de formación de centro - Financiamento a través de Proxectos Interdisciplinares (Plans Proxecta) - Fomento de metodoloxías de innovación educativa (Plans Proxecta, E-Dixgal) 	<ul style="list-style-type: none"> - A formación TIC non se axusta ás demandas do profesorado - Non facilita ao profesorado o emprego dun libro dixital do profesor que poida cumprir ca Lei de Protección de Datos - Elevada ratio alumnado/aula que dificulta a atención individualizada - Falta de axilidade na resolución de problemas asociados ás infraestruturas e ao equipamento dixital - Limita a autonomía dos centros no desenvolvemento de estratexias dixitais e no emprego de recursos dixitais axeitados ás súas demandas
	LEXISLACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> - Fomento de novas estratexias educativas favorecedoras de metodoloxías innovadoras e dos procesos de dixitalización - Profesorado autor de contidos protexidos - Uso do profesorado de Software Libre e contidos de uso libre 	<ul style="list-style-type: none"> - Cambios continuos na lexislación - Descoñecemento dos usos responsables das TICs do profesorado e do alumnado - Descoñecemento das vantaxes e inconvenientes da normativa sobre dereitos de autor - Descoñecemento entre o alumnado da Lei de Protección de Datos - Uso incorrecto das TIC por parte do profesorado en relación á LPD
	CONTORNA	<ul style="list-style-type: none"> - O alumnado conta con variedade de dispositivos dixitais propios - Coñecemento e emprego de redes sociais potencialmente explotables como medios de aprendizaxe - Emprego da Aula Virtual como espazo de retroalimentación co profesorado e onde solicitar axuda para os procesos de ensino-aprendizaxe 	<ul style="list-style-type: none"> - Nivel socioeconómico familiar medio - baixo - Procedencia de contornas diversas por parte de alumnado con desigualdades no acceso aos medios dixitais - Mal uso das redes sociais e dos dispositivos móbiles - Escaso fomento da formación no uso de ferramentas dixitais atendendo ao á Lei de Protección de Datos
	ANPA	<ul style="list-style-type: none"> - Partidaria da actualización da dixitalización do centro así como dos procesos de ensino-aprendizaxe - Colabora na atención ás necesidades específicas do alumnado na dotación de recursos - Estreita colaboración nas actividades extraescolares nas que participa de maneira activa - Mellora na oferta de actividades extraescolares 	<ul style="list-style-type: none"> - Problemas de dotación económica para poder atender a plans de intervención máis ambiciosos - Escasa oferta de actividades extraescolares
	OUTRAS ENTIDADES	<ul style="list-style-type: none"> - Colaboración permanente con entidades municipais e extramunicipais públicas como privadas no desenvolvemento de proxectos educativos como en actividades extraescolares - Estreita colaboración ca administración municipal en diferentes proxectos educativos. - Colaboración de entidades privadas en proxectos educativos interdisciplinares 	<ul style="list-style-type: none"> - Participación nula ou escasa do financiamento ou dotación de equipamento dixital no centro e no alumnado - Baixa competencia dixital

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Área de mellora: Prácticas de liderado e gobernanza							
OBXECTIVO 1:	Crear un Equipo TIC no centro				Acadado		
Responsable:	Director do centro				Non acadado		
INDICADOR DO OBXECTIVO:	Existencia do Equipo TIC con dispoñibilidade horaria						
Valor de partida:	Non existe equipo TIC						
Valor previsto e data:	Hai un Equipo TIC no centro e ten horas para exercer a súa función			Setembro 2022			
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
AO1.1: nomear un persoa coordinadora TIC de centro	Director do centro	Setembro 2022	Tempo para xuntanzas, debates e coordinación.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO1.2: nomear coordinador E-Dixgal de centro	Director do centro	Setembro 2022	Tempo para xuntanzas, debates e coordinación.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO1.3: elixir 2 representantes do profesorado e 2 do alumnado	Director do centro	Setembro 2022	Tempo para xuntanzas, debates e coordinación.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO1.4: dotar de horas suficientes para exercer a súa función	Director do centro e administración educativa	Setembro 2022	Tempo para axustar horarios. Persoal suficiente para cubrir horarios.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

Área de mellora: Prácticas de ensinanza e aprendizaxe

OBXECTIVO 2:	Integrar as tecnoloxías dixitais para a mellora da comunicación organizativa	Acadado	
Responsable:	Director do centro	Non acadado	
INDICADOR DO OBXECTIVO:	Existencia un sistema completo e actualizado de comunicación usando tecnoloxías dixitais		
Valor de partida:	Existe un sistema incompleto de comunicación usando tecnoloxías dixitais		
Valor previsto e data:	Existe un sistema completo e actualizado de comunicación usando tecnoloxías dixitais	Xuño de 2023	

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: creación de contas redes sociais e comunicación	Director do centro	Setembro 2022	Equipamento informático e conexión a internet. Tempo.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: revisión e actualización da web do centro	Persoa coordinadora das TIC. Equipo TIC	Todo o curso	Equipamento informático e conexión a internet. Tempo.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: fomento do emprego de servizos e instrumentos corporativos	Equipo directivo	Todo o curso	Equipamento informático e conexión a internet. Tempo.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área de mellora: Desenvolvemento profesional

OBXECTIVO 3:	Mellorar a CDD	Acadado				
Responsable:	Director do centro	Non acadado				
INDICADOR DO OBXECTIVO:	Resultados no test CDD					
Valor de partida:	69,8 sobre 192, polo tanto obtivo un nivel Integrador/a (B1)					
Valor previsto e data:	Acadar polo menos os resultados da media galega no test CDD	Data de realización do test				
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: desenvolver PFPP	Director do centro	Acción con continuidade no tempo	Tempo para xuntanzas, debates e coordinación.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: formación en E-Dixgal inicial e avanzado	Coordinador E-Dixgal	2023/24	Tempo para formación.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: formación en novas metodoloxías educativas e de instrumentos tecnolóxicos	Director do centro	Acción con continuidade no tempo	Tempo para formación.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área de mellora: Prácticas de avaliación

OBXECTIVO 4:	Converter AV e E-Dixgal en espazos referentes para a avaliación do alumnado		Acadado			
Responsable:	Equipo TIC		Non acadado			
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	% de profesorado que cualifica na AV e EVA E-Dixgal					
Valor de partida:	Menos do 25% do profesorado usa o libro dixital					
Valor previsto e data:	Polo menos un 75% do profesorado usa o libro dixital		Final do curso 2023/24			
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO4.1: crear banco de rúbricas, guías de cualificación e banco de preguntas en Moodle e E-Dixgal	Profesorado das distintas materias	Xaneiro 2023	Tempo para a xestión da AV		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: formación sobre avaliación na AV e en EVA E-Dixgal	Coordinador E-Dixgal	Finais do segundo trimestre do curso 2022/23	Tempo para a formación. Equipos informáticos e conexión estable a internet.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3: manexo dos libros de cualificacións Moodle e E-Dixgal	Profesorado E-Dixgal	Finais do segundo trimestre do curso 2022/23	Tempo para a formación. Equipos informáticos e conexión estable a internet.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Áreas de mellora: Prácticas de liderado e gobernanza, infraestrutura

OBXECTIVO 5:	Adoptar medidas sobre protección de datos, privacidade, seguridade e dereitos dixitais			Acadado		
Responsable:	Director do centro			Non acadado		
INDICADOR DO OBXECTIVO:	% de profesorado que adopta as medidas (datos extraídos do SELFIE)					
Valor de partida:	Resultados menores ou iguais a 3 no SELFIE					
Valor previsto e data:	Resultados maiores ou iguais a 4 no SELFIE			Data de realización do SELFIE		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO5.1: deseñar e producir contidos formativos sobre protección de datos, privacidade, seguridade e dereitos dixitais	Equipo TIC	Novembro 2022	Tempo para a coordinación e a creación dos contidos. Equipos informáticos e conexión estable a internet.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.2: publicar, difundir e promover a formación	Equipo TIC	Xaneiro 2022	Tempo para a xestión da información		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área de mellora: Colaboración e traballo en rede

OBXECTIVO 6:	Utilizar as tecnoloxías dixitais do centro para a participación e a coordinación docente	Acadado	
Responsable:	Director e xefa de estudos	Non acadado	
INDICADOR DO OBXECTIVO:	% de profesorado que usa as tecnoloxías dixitais do centro para a participación e a coordinación docente		
Valor de partida:	Resultados menores a 3 no SELFIE		
Valor previsto e data:	Resultados maiores a 4 no SELFIE	Data de realización do SELFIE	

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO6.1: crear espazos na AV de participación e colaboración	Equipo TIC	Finais de setembro 2022	Tempo para a xestión da AV		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.2: formar no uso dos espazos	Equipo TIC	Finais de setembro 2022	Tempo para a formación		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO6.3: fomentar o uso dos espazos de participación e colaboración	Equipo TIC	Primeiro e segundo trimestre do curso 2022/23	Tempo para a xestión da información		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área de mellora: Infraestrutura

OBXECTIVO 7:	Actualizar e aumentar os espazos dixitalizados	Acadado	
Responsable:	Director do centro	Non acadado	
INDICADOR DO OBXECTIVO:	Número de espazos dixitalizados		
Valor de partida:	Espazos dixitalizados insuficientes e desactualizados		
Valor previsto e data:	Espazos dixitalizados suficientes e actualizados	Final do curso 2022/23	

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO7.1: participación do centro en E-Dixgal	Director do centro	Maio 2022	Tempo para o debate e xuntanzas.	Conseguida cun apoio significativo do claustro	Realizada	x
					Aprazada	
					Pendente	
AO7.2: converter a Biblioteca nun espazo dixitalizado	Coordinadora da Biblioteca	Fin do curso 2022/23	Tempo de coordinación e planificación. Orzamento PLAMBE.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO7.3: conseguir e xestionar a Aula Innova Polos creativos	Coordinador do Plan Dixital	Setembro 2022	Tempo para o desenvolvemento do proxecto e para a xestión do polo creativo.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área de mellora: Infraestrutura

OBXECTIVO 8:	Mellorar as infraestruturas dixitais e o equipamento do centro	Acadado	
Responsable:	Director do centro	Non acadado	
INDICADOR DO OBXECTIVO:	Resultado no apartado de infraestruturas do SELFIE		
Valor de partida:	Resultados menores a 3 no SELFIE		
Valor previsto e data:	Resultados maiores a 4 no SELFIE	Data de realización do SELFIE	

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO8.1: participación do centro en E-Dixgal	Director do centro	Maio 2022	Tempo para o debate e xuntanzas.	Conseguida cun apoio significativo do claustro	Realizada	x
					Aprazada	
					Pendente	
AO8.2: conseguir e xestionar a Aula Innova Polos creativos	Coordinador do Plan Dixital	Data na inauguración	Tempo para o desenvolvemento do proxecto e para a xestión do polo creativo.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO8.3: actualización de equipos, redistribución e reorganización de espazos para o traballo con tecnoloxías dixitais	Persoa coordinadora das TIC	Setembro 2022	Tempo para a coordinación e a xestión dos espazos e equipos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área de mellora: Prácticas de liderado e gobernanza

OBXECTIVO 9:	Crear un club TIC do alumnado			Acadado		
Responsable:	Equipo TIC			Non acadado		
INDICADOR DO OBXECTIVO:	Existencia do club					
Valor de partida:	Non existe club TIC do alumnado					
Valor previsto e data:	Existe un club TIC			Finais do primeiro trimestre 2022/23		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO9.1: informar nas titorías da intención da creación do club	Equipo TIC Persoas titoras	Setembro 2022	Documento informativo		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO9.2: creación do club TIC	Equipo TIC	Setembro 2022	Tempo para xuntanzas.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO9.3: formación do alumnado integrante do club	Equipo TIC	Ao longo do curso	Tempo, espazo e equipamento para a formación		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO9.4: divulgación de formación TIC por parte do club	Equipo TIC	Ao longo do curso	Tempo, espazo e equipamento		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área de mellora: Colaboración e traballo en rede

OBXECTIVO 10:	Utilizar as tecnoloxías dixitais do centro para a participación do alumnado	Acadado	
Responsable:	Equipo TIC	Non acadado	

INDICADOR DO OBXECTIVO:	% do alumnado que usa as tecnoloxías dixitais do centro para a participación		
Valor de partida:	Resultados menores a 3 no SELFIE nos apartados que fan referencia a este aspecto		
Valor previsto e data:	Resultados maiores a 3 no SELFIE nos apartados que fan referencia a este aspecto	Data de realización do SELFIE	

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO10.1: crear espazos na AV de participación (foros de dúbidas, de aportacións, de debate, mensaxeira directa...)	Equipo TIC	Finais de novembro 2022	Tempo para a xestión		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO10.2: formar no uso dos espazos	Equipo TIC	Finais de novembro 2022	Tempo, equipamento e espazos para a formación		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO10.3: fomentar o uso dos espazos de participación	Equipo TIC	Continuo no tempo	Tempo		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

DESCRICIÓN	USOS
2 portátiles	Prevención fallos equipos das aulas ordinarias
2 proxectores portátiles	Prevención fallos equipos das aulas ordinarias
Actualizar e completar ata 27 postos aula informática-2	Aula TIC e uso xeral alumnado diferentes materias e ámbitos
Recoller e organizar cableado das aulas, priorizando as de informática	Evitar danos por enganche, mellorar a protección e seguridade para alumnado e profesorado.
Actualizar e completar ata 26 postos aula informática-3	Aula TIC e uso xeral alumnado diferentes materias e ámbitos.
Carro de carga	Usar os ultraportátiles (dotación actual da aula informática-3) como aula de informática móbil.
Revisar e, no seu caso reforzar a cobertura wifi en todo o centro (dous edificios)	Mellorar a conexión das aulas con baixa cobertura.

4. Avaliación do plan

A avaliación deste plan comezará no curso 2022/23, ano escolar no que será implementado, despois de que neste curso 2021/22 se elaborara a súa primeira versión. Realizaremos dous tipos de avaliación, a avaliación procesual e a avaliación final.

- Avaliación procesual: esta avaliación realizarase ao final de cada trimestre, polo que o equipo directivo xunto co equipo TIC, reunirase nos meses de decembro, marzo e xuño para analizar se se está a cumprir o calendario de accións previsto no apartado anterior, analizando:
 - Cumprimento dos obxectivos en prazo.
 - Grao de satisfacción na consecución dos obxectivos.
 - Posibles adaptacións das accións de mellora.
 - Outras observacións.
- Avaliación final: esta avaliación realizarase ao final do curso, coincidindo coa avaliación procesual do terceiro trimestre. Neste apartado de xeito global analizarase:
 - Consecución de obxectivos.
 - Desviación nos obxectivos non conseguidos na súa totalidade.
 - Motivos polos que non se lograron os obxectivos.

- Se os obxectivos alcanzados deben ser potenciados no curso seguinte ou se xa están nunha situación óptima.
- Posibles modificacións ou substitución d eobxectivos.
- Análise do funcionamento do equipo TIC e a coordinación co equipo directivo.

5. Difusión do plan

A difusión do seguinte plan dixital seguirá as mesmas canles que se teñen empregado para outros documentos do centro. Presentarase ante claustro en canto estea rematado, e estará a disposición de calquera que o queira consultar na páxina web do centro. Ademais, será obxecto das futuras actuacións de difusión a través das intervencións que puidesen ser contempladas no Plan de Comunicación de centro.